



Acta núm. 02/2021.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 26 de xaneiro de 2021.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
José Luis Sampedro Bouzas.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez
Non asiste: Pablo Lago Sanmartín

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 26 de xaneiro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o 1º tenente de alcalde Carlos Noya Pereira, por ausencia da alcaldía, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 01/2021, DO 12.01.2021.
- 2º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 3º) RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 4º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 01/2021, DO 12.01.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 12.01.2021, acta núm. 01/2021.

SEGUNDO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Carbajo Capeáns, que di actuar en representación de IAGO PAZOS VILASÓ, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar, unha piscina, e rehabilitar unha edificación existente en Xinzo 32, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado por CARBAJO Y BARRIOS Arquitectos Asociados SLP, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.12.2020.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 9910628NH3491S0001RJ) está situada en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado por CARBAJO Y BARRIOS Arquitectos Asociados SLP, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.12.2020.

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello (51 m²) que implica a pavimentación de todo o fronte da parcela (beirarrúas e calzada) e a execución das conexións de abastecemento, saneamento, pluviais con tubo de sección 40 cm. e canalización do alumeadado público, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 51m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 22 de xaneiro de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.995,92 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 3.091,95 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Oscar Luís Rodríguez Ramos, que di actuar en representación de ÁLVARO ZARAUZA BEIRAS e MARÍA ORGALES LÓPEZ, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha piscina en Cirro 35, San Salvador, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto Oscar Luis Rodríguez Ramos, visado o 29.12.2020 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e documentación complementaria visada o 05.01.2021 (expte 2006404).

A parcela onde se pretende executar a obra (resultante da segregación da parcela con referencia catastral nº 7732506NH2473S0001KI) está situada en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado polo arquitecto Oscar Luis Rodríguez Ramos, visado o 29.12.2020 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e documentación complementaria visada o 05.01.2021 (expte 2006404).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello (99,25 m² aceptados pola Xunta de Goberno Local do 06.11.2019) que implica a pavimentación dos dous frontes da parcela (beirarrúas e calzadas) e a execución das conexións de abastecemento, saneamento, pluviais con tubo de sección 40 cm. e canalización do alumeado público, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.700,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 105,08 euros.

Total: 2.805,08 euros.

TERCEIRO. - RENUNCIA A LICENZA OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Juan José Mallón Sande, que di actuar en representación de PROMOCIONES MALLÓN ENTERRERÍOS S.L., na que comunica ao Concello a renuncia ás licenzas do obras maior para construír catro vivendas unifamiliares en Xinzo 23, 24, 25 e 27, Bastavales, concedidas na Xunta de Goberno Local do 20.04.2010, e solicita a devolución do ICIO.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes emitidos pola arquitecta municipal no que se sinala que en Xinzo 23, 24, 25 e 27, Bastavales, non se iniciaron as obras para as que se concederon as licenzas, e polo asesor urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local o 20.04.2010.

2º) Que se proceda á tramitación de expediente de devolución do ICIO, previo informe de intervención.

3º) Notificar o presente acordo ao interesado.

CUARTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José García García, que di actuar en representación de 3RGAL S.L., na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para construír un edificio para tres vivendas en Sabaxáns 65, 66 e 67, Bastavales, concedida en Xunta de Goberno Local do 26.08.2005 a nome de Vicente García Porto S.L. e poñela a nome de 3RGAL. S.L.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obras solicitada, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 26.08.2005, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titular da licenza de obra a 3RGAL S.L., con CIF: B-02890036, que queda subrogado en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL OLIVEIRA IGLESIAS, MANUELA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, MARCOS LINO RODRÍGUEZ E JULIA TRONCOSO GONZÁLEZ, na que solicitan licenza de segregación de cinco parcelas sitas no lugar de Guldrís, Brión, segundo o proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado número 918/20.

Descrición das parcelas de orixe:

Primeira finca:

Referencia catastral: 5666209NH2456N0001WB.

Superficie: 4.024 m², segundo medición recente.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con tres clasificacións segundo o PXOM:

.- 738 m²: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

.- 3.245 m²: solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

.- 41 m²: solo clasificado como solo rústico de recursos hídricos, séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico, en aplicación do disposto ao respecto pola súa Disposición Transitoria Primeira letra 2.d).

Lindes:

Norte: zona excluída.

Sur: zona urbana de Guldrís.

Leste: Manuel García Martínez (911).

Oeste: zona excluída e camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria (hoxe pista local asfaltada) que a atravesa en dirección norte – sur.

Segunda finca:

Referencia catastral: 5666208NH2456N0001HB

Superficie: 133 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: finca concentrada de Manuel Oliveira Iglesias.

Sur: finca concentrada de Manuel Oliveira Iglesias

Leste: finca concentrada de Manuel Oliveira Iglesias

Oeste: pista local asfaltada e presa que separa do tozal de Manuel Oliveira Iglesias.

Terceira finca:

Referencia catastral: 5666207NH2456N0001UB

Superficie: 53 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Manuel Oliveira Iglesias (anteriormente Celsa Hombre Rey e mais antes Amalia Hombre).

Sur: termina en punta en camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Leste: presa de auga nun plano máis abaixo que a separa de Manuel Oliveira Iglesias (antigamente herdeiros de Primitivo Hombre Rey) e en parte outra finca de Manuel Oliveira Iglesias.

Oeste: camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Cuarta finca:

Referencia catastral: 5666216NH2456N0001GB

Superficie: 93 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: tozal de Manuel Oliveira Iglesias.

Sur: outro tozal de Manuel Oliveira Iglesias.

Leste: presa que separa a finca concentrada de Manuel Oliveira Iglesias.

Oeste: pista local asfaltada.

Quinta finca:

Referencia catastral: 5666204NH2456N0001EB

Superficie: 120 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: tozal de Manuel Oliveira Iglesias.

Sur: outro tozal de Manuel Oliveira Iglesias (anteriormente de Sergio Cid Santamarina).

Leste: presa que separa a finca concentrada de Manuel Oliveira Iglesias.

Oeste: pista local asfaltada.

Agregación pretendida:

Finca de agregacións: Agréganse as cinco parcelas.

Superficie bruta: 4.423 m².

Lindes:

Norte: finca excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción maior), pista local asfaltada (na porción mediana) e outra finca excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción pequena).

Sur: pista local asfaltada (na porción maior), camiño da zona urbana de Guldrís (na porción mediana) e horta excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción pequena).

Leste: finca 911 de Concentración Parcelaria de Manuel García Martínez (na porción maior) e pista local asfaltada (tanto na porción mediana como na porción pequena).

Oeste: pista local asfaltada (na porción maior) e horta excluída de Manuel Oliveira Iglesias (tanto na porción mediana como na porción pequena).

Segregacións pretendidas:

Parcela de cesión:

Superficie: 178 m².

Lindes:

Norte: finca excluída de Manuel Oliveira Iglesias e parcela segregada C procedente desta segregación (na porción maior), pista local asfaltada (na porción mediana) e outra finca excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción menor).

Sur: pista local asfaltada (na porción maior), camiño da zona urbana de Guldrís e resto da finca de agregacións resultante desta segregación (na porción mediana) e horta excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción mediana).

Leste: finca 911 de Concentración Parcelaria, de Manuel García Martínez e parcelas segregadas A, B e C resultantes desta segregación (na porción maior) e pista local asfaltada (tanto na porción mediana como na porción pequena).

Oeste: pista local asfaltada (na porción maior) e resto da finca de agregacións resultantes desta segregación (tanto na porción mediana como na porción pequena).

PARCELA SEGREGADA A:

Superficie neta: 847 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións segundo o PXOM:

.- 806 m² situados en solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

.- 41 m² situados en solo clasificado como solo rústico de recursos hídricos, séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico, en aplicación do disposto ao respecto pola súa Disposición Transitoria Primeira letra 2.d).

Lindes:

Norte: finca excluída de Manuel Oliveira Iglesias.

Sur: parcela segregada B resultante desta segregación.

Leste: Manuel García Martínez (911).

Oeste: parcela que se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais. Cerca do vento oeste está atravesada por unha presa de auga en dirección Norte-Sur.

PARCELA SEGREGADA B:

Superficie neta: 808 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: parcela segregada A resultante desta segregación.

Sur: parcela segregada C resultante desta segregación.

Leste: Manuel García Martínez (911).

Oeste: parcela que se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais.

PARCELA SEGREGADA C:

Superficie neta: 1.873 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: parcela segregada B resultante desta segregación.

Sur: parcela que se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais.

Leste: Manuel García Martínez (911).

Oeste: parcela que se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais.

RESTO DE FINCA DE AGREGACIÓN:

Superficie neta: 717 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte: pista local asfaltada (na porción maior) e finca excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción menor).

Sur: camiño da zona urbana de Guldrís (na porción maior) e horta excluída de Manuel Oliveira Iglesias (na porción menor).

Leste: pista local asfaltada e terreo que se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais.

Oeste: horta excluída de Manuel Oliveira Iglesias (tanto na porción maior como na porción menor).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 178 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 258,28 euros.

Total: 258,28 euros.

SIXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González